

1. Líder FÚTBOL

COPA DEPUTACIÓN XUVENIL | INFANTIL



CAMPIÓNS

A SD RIBADEO foi a gran protagonista da xornada ao proclamarse campión da Copa xuvenil e infantil nas finais disputadas ante a Residencia

premioslíder²⁰¹⁸
fútbol-base lucense

10ª EDICIÓN || 18 XUÑO || 20:30 horas
Auditorio Gustavo Freire de Lugo

Fin de traxecto para un Burela que se volveu quedar ás portas

A LIGA GALEGA XUVENIL seguirán sendo un reto por acadar. Os de Oke tivérono cerca, pero a Marosa seguirá agardando por unha categoría da que se despediu fai trece anos



Árbitros: David Jiménez, Pablo Varela e Diego Fernández Campo: A Marosa

“Só podo felicitar a todo o equipo pola tempada que realizaron. Noraboa”

OKE Porto Burela

a unha Liga Galega xuvenil que fai máis dunha década que non ten escala na Marosa.

As dúas primeiras eliminatorias, a partido único, superáronse, pero na definitiva, a ida e volta, o As Pontes foi superior.

Con todo visto para sentenza disputáronse os últimos noventa minutos da tempada, nos que se viu un partido igualado na primeira parte, na que non houbo goles e terminou co cero a cero inicial.

Xa na segunda, Jorge estreloou un balón no poste na ocasión máis clara dun Porto de Burela que encaixou o único gol do encontro na recta final do partido.

Ao final, derrota por cero a un ante un As Pontes que será equipo



Yago Cruña a piques de golpear o balón nun encontro disputado este tempada na Frigsa

Porto de Burela e As Pontes cumpriron co trámite de disputar o encontro de volta da eliminatoria que lles mediu por un posto na Liga Galega xuvenil. Un partido sen nada en xogo tralo sete a cero co que finalizou o encontro de ida no Poblado, no que os mariños espertáronse do soño na segunda parte, tras encaixar seis goles.

Á marxe deses corenta e cinco minutos, a tem-

pada dos de Oke foi de sobresaliente. No tramo inicial da competición clasificáronse sen problemas para o Provincial, tras compartir título co Ribadeo nun histórico empate a todo.

Xa na fase decisiva do curso alzáronse co segundo posto no Provincial, co que se gañaron a pulso estar na fase de ascenso.

Tres eliminatorias separábanlles de volver

da Liga Galega xuvenil a próxima tempada, mentres que o Porto de Burela intentara de novo o próximo curso tras pechar un notable curso co único lunar da segunda parte no Poblado.

13

ANOS EN PROVINCIAL A tempada 2006/2007 foi a última na que o Burela competiu na Liga Galega xuvenil, adestrado por Burunda

45

MINUTOS FATÍDICOS Aos de Oke sobroulles medio tempo esta tempada, a segunda parte no Poblado, na que encaixaron seis goles

FASE DE ASCENSO XUVENIL

1 ELIMINATORIA 1º CLASIFICADO

SDC RESIDENCIA	1
EUME DEPORTIVO	0

2 ELIMINATORIA 1º CLASIFICADO

1	CORME CF
4	AT. DE RIVEIRA

CUARTOS DE FINAL

ONCE CABALLEROS	1
X. AGUIÑO*	1

SEMIFINAL

19 DE MAIO

X. AGUIÑO	0
AT. ARTEIXO	2

CUARTOS DE FINAL

AT. ARTEIXO	2
SAN TIRSO SD	2



FINAL

26 DE MAIO | 2 DE JUÑO

	ida	vol
AT. ARTEIXO	2	3
EUME	0	0

FINAL

26 DE MAIO | 2 DE JUÑO

	ida	vol
AS PONTES	7	1
P. BURELA	0	0

SEMIFINAL

19 DE MAIO

3	CD AS PONTES
0	PALAS CF

CUARTOS DE FINAL

1	CD AS PONTES
0	IMPERATOR OAR

CUARTOS DE FINAL

1	SD FISTERRA
1	PALAS CF*

PERDEDOR 1 ELIMINATORIA 1º CLASIFICADO

EUME DEPORTIVO

SEMIFINAL

19 DE MAIO

EUME DEPORTIVO	4
BERTAMIRÁNS CF	2

CUARTOS DE FINAL

BERTAMIRÁNS CF	2
MILLADOIRO SD	1



SEMIFINAL

19 DE MAIO

0	CORME CF
2	PORTO BURELA

PERDEDOR 2 ELIMINATORIA 1º CLASIFICADO

CORME CF

CUARTOS DE FINAL

1	PORTO BURELA
0	ED X. OROSO



Os ribadenses celebrando o 4-3 de Adrián Barrera

O Ribadeo deixou en trío a man da Residencia

OS DA CHEDA BUSCÁBAN O PÓKER ESTA TEMPADA, pero os mariñaos disputaron unha gran final na Pontenova que se decidiu a falta de dous minutos cun gol de Adrián Barrera

SD RIBADEO	4	3	SDC RESIDENCIA
Gol: Alex Mauro, Jorge e Adrián Barrera			Gol: Pedrito, Diego Alvarinho e Fonseca.

Árbitro: Ramón Sánchez, Daniel Ramírez e Joel Lanzos. Campo: A Mina - A Pontenova



O Presidente da Deputación xunto con Artai



Alberto recolle o trofeo da man de Dario Campos



A SD Ribadeo ao completo celebrando o título de Copa

“Puxémoslle o broche de ouro a unha tempada espectacular de todo o equipo”

SALVA Ribadeo

“Este resultado no empañá para nada a gran temporada que ha realizado este equipo”

ÁLVARO MEILLÁN Residencia

4-3

NO MINUTO 88 A final, espectacular de principio a fin, decantouse a favor do Ribadeo cun gol de Adrián Barrera a dous minutos para o final, cando xa se agardaban os lanzamentos de penalti.

Gran final da Copa Diputación a disputada entre Ribadeo e Residencia, que finalizou con vitoria dos mariñaos cun gol sobre a bucina que evitou a queda de penaltis na Pontenova.

A Residencia presentábase na Mina como favorita, en busca do póker gañador esta tempada tralo os títulos do zonal e o Provincial, ademais de lograr o ascenso á Liga Galega xuvenil, pero en fronte tivo una das mellores versións do Ribadeo esta tempada.

A primeira parte foi un ida e volta, sobre todo no tramo inicial, no que a Residencia adiantouse ata en dúas ocasións no marcador, co cero a un e o un a dous. Pero o Ribadeo conseguiu deixar as táboas no electrónico ao final da primeira parte, co dous a dous co que se chegou ao descanso.

O ritmo de partido continuou sendo moi alto na segunda parte, na que Álex puxo por diante por primeira vez ao Ribadeo

transformando un penalti moi protestado polos capitalinos.

Con media hora por diante a Residencia tomou o mando do partido e Fonseca asinou o momentáneo empate a tres.

O encontro camiñaba con paso firme cara os penaltis, nun ambiente de tensión e nervios, pero apareceu Adrián Barrera para desnivelar o partido cun gol desde a frontal da área a falta de tan só dous minutos para o final, co que o Ribadeo alzouse co título da Copa Diputación xuvenil deixando en trío a man da Residencia esta tempada.



Casanova vaise por velocidade de Fonseca



Lucas trata de superar a Mauro nun lance do encontro



Os xogadores manteando ao delegado, Juan Valle

COPA DEPUTACIÓN XUVENIL

DEZASEISAVOS

Ferroviaria *	1
Monterroso	1

DEZASEISAVOS

EF Polvorín A	1
CD Foz *	1

OITAVOS

Ferroviaria	1
SD Ribadeo	6

OITAVOS

CD Foz *	2
Palas CF	2

CUARTOS

SD Ribadeo	5
CD Foz	0

CUARTOS

CD Castro	-
P. Burela	-

OITAVOS

EF Polvorín B	4
CD Castro	6

OITAVOS

SP Pontenova	1
P. Burela	3

DEZASEISAVOS

EF Polvorín B	2
San Roque	1

DEZASEISAVOS

Taboada CF	1
SP Pontenova	4

DEZASEISAVOS

UD Xove Lago	6
SD Becerreá	4

DEZASEISAVOS

CD Cospeito	0
Residencia B	1

OITAVOS

UD Xove Lago	1
Sagrado C.	4

OITAVOS

Residencia B	1
SCD Milagrosa	2

CUARTOS

Sagrado C.	2
SCD Milagrosa	5

CUARTOS

Viveiro CF B	1
Residencia A	7

OITAVOS

Viveiro CF B	7
ED Lourenzá	1

OITAVOS

SD Sarriana	2
Residencia A	8

DEZASEISAVOS

Quiroga FC	1
Viveiro CF B	2

DEZASEISAVOS

SD Sarriana	3
SD Outeiro	1

FINAL


SEMIFINAIS

SD Ribadeo	6
CD Castro	3

SD Ribadeo	4
Residencia	3

SEMIFINAIS

SCD Milagrosa	1
Residencia A	5



Arbitro: Carlos Andrés Lamus Picón Campo: A Ribela - Sarria

A Sarriana xa espera rival na gran final tras eliminar á Milagrosa

O RIVAL DOS DE RAÚL SAIRÁ DO ENCONTRO ENTRE o Polvorín e a Residencia, que se disputará o próximo venres. A gran final xogarase a vindeira fin de semana a partido único na Marosa

“Parabéns ao equipo polo partido realizado ante un contrincante que acaba de ascender a Liga Galega! A disfrutar da final!!” **RAÚL Sarriana**

“Parabéns á Sarriana pola clasificación para a final. E ao noso equipo pola gran tempada realizada e os éxitos acadados” **OMAR Milagrosa**

OS MELLORES

SARRIANA	MILAGROSA
ABELLA 2 2 2	MARCO 2 2 2
MONIR 2 2	NEIRA 2 2
FABIÁN 2	XABI 2

A Sarriana coou na gran final da Copa Diputación cadete tras eliminar por tres goles a un ao principal favorito. Unha Milagrosa que, pese caer nas semifinais, pechou un ano espectacular no que asinou o salto de categoría, xa que a próxima tempada serán equipo da Liga Galega cadete.

A Sarriana, que tivo altibaxos ao longo da tempada, empezando con moi boa nota e alzándose co título zonal, decaeu no Provincial, pero para a Copa, con Raúl á fronte do equipo, están de novo coa súa mellor versión.

A Sarriana suscitou o encontro a conciencia, ata cun debuxo táctico distinto ao habitual, para contrarrestar o potencial da Milagrosa. O plan saíu á perfección para os sarriaos na Ribela.

Ben é certo que a Milagrosa empezou mellor e puido adiantarse no marcador, pero co paso dos minutos a Sarriana foi máis consistente. Xuntou filas e saíu á contra con moitísimo perigo.

Michi estrelou un balón no poste e Abella tivo outra clara antes de inaugurar o marcador, ao fio do descanso co un a cero. Nada máis empezar a segunda parte Hamza aproveitou un erro defensivo da Milagrosa para poñer terra polo medio

2
GOLES DE ABELLA, o punta sarriaio volveu ser determinante ao inaugurar o marcador co un a cero na primeira parte e pechalo co tres a un definitivo na segunda

3
TÍTULOS ESTA TEMPADA para a Milagrosa cadete. O zonal, o Provincial e o ascenso á Liga Galega cadete. Quedarse ás portas da gran final de Copa non resta nada de mérito á sobresaiante tempada dos da Friga

co dous a cero. A Sarriana puido facer o terceiro á contra, pero Marco deulle emoción á eliminatoria co dous a un. Con todo, Abella asinou o pase para a Sarriana ao culminar unha contra nos minutos finais.



Hamza a piques de facer un pase ante Buiide nun encontro desta tempada

18 de xuño
X Gala Premios Líder

COPA DEPUTACIÓN CADETE			
DEZASEISAVOS EF Polvorín B 0 ED Lourenzá 2	DEZASEISAVOS RC Villalbés B* 1 Ferroviaria 1	DEZASEISAVOS CD San Ciprián 2 SD Becerreá 5	DEZASEISAVOS ED Ribela 2 Porto Burela 5
OITAVOS ED Lourenzá 1 EF Polvorín A 5	OITAVOS RC Villalbés B 1 SD Ribadeo 4	OITAVOS SD Becerreá 1 SD Sarriana* 1	OITAVOS Porto Burela 4 CD Castro 1
CUARTOS EF Polvorín A 1 SD Ribadeo 0	SEMIFINAIS EF Polvorín A - SD Residencia A -	FINAL SD Sarriana -	SEMIFINAIS SD Sarriana 3 Milagrosa A 1
CUARTOS Residencia A* 2 UD Xove Lago 2	CUARTOS SD Sarriana 3 Porto Burela 2	CUARTOS CD Foz 1 Milagrosa A 3	OITAVOS CD Foz 6 Sagrado C. 1
OITAVOS SD Monterroso 0 SD Residencia A 3	OITAVOS Palas CF 2 UD Xove Lago 5	OITAVOS Viveiro CF B 2 Milagrosa A 4	OITAVOS Antas SD 0 CD Foz 15
DEZASEISAVOS SD Monterroso* 1 Residencia B 1	DEZASEISAVOS Viveiro CF B 3 Abuín 1		

Cruel desenlace final na Cheda

A RESIDENCIA QUEDOU ÁS PORTAS DO ASCENSO polo valor dobre dos goles en campo contrario ante un San Tirso B que remontou nos últimos cinco minutos



O gol co que o San Tirso B eliminou á Residencia na Cheda



Cancio conducindo o balón ante Antonio Gómez e un rival



Martín Iglesias desbordando a un rival pola banda



Javi Jacob anticipándose a un rival ante Cristhian e Roi

“Fue un placer y un orgullo poder entrenar a estos chicos. El único responsable de perder esta eliminatoria soy yo”
ANTONIO GÓMEZ, Residencia

A Residencia cadete viviu onte pola mañá a versión máis cruel do deporte. A que no último momento te aparta dun obxectivo que gañas a pulso. Os da Cheda quedaron eliminados polo San Tirso B polo valor dobre dos goles en campo contrario, cando xa tocaban coa punta dos dedos o ascenso. A Residencia, que dominara con autoridade no partido de ida, afrontaba o encontro de volta con 2-1.

Unha renda que se ampliou aos seis minutos, co un a cero que asinou García ao transformar un penalti. A eliminatoria poñíase de cara cun global de 3-1.

Isto propiciou un exceso de relaxación que meteu aos coruñeses de novo no partido. Primeiro cun penalti que fallaron, e acto seguido co empate a un tras un

saque de banda mal defendido.

A alarma de perigo apagaouna un actor imprevisto, o porteiro Sanmiguel, que volveu poñer á Residencia por diante no marcador ao asinar o dous a un cun lanzamento de falta desde medio campo que se envenenou.

A segunda parte empezou con 4-2 no global e todo transcorreu sen aparente perigo ata que cundi o pánico co empate a dous a falta de tan só cinco minutos para o final. Un gol dáballe a clasificación ao San Tirso, e os peores presaxios cumpríronse tras un pelotazo que atopou a un xogador visitante no segundo pau para marcar o definitivo dous a tres co que a Residencia espertouse do soño do ascenso no medio do pesadelo.



Lombardía buscando o gol na segunda metade



García, autor do un a cero, co balón controlado

FASE DE ASCENSO CADETE





Iñaki detendo o penalti que lle deu o título ao Ribadeo

Iñaki foi o heroe dun Ribadeo campión

NA QUENDA DE PENALTIS, o porteiro mariño foi determinante

SD RIBADEO	2	2	SDC RESIDENCIA
Goles: Diego e Nico			Goles: Luisito e Gabriel
Miguel	Javi	Gabri	Álex Goás (Antón)
Nonide	Kai	Luis Gómez	Melvin (Samuel)
Iñaki	Gabri	Carlos	Iván
Fran (Moreda)	Diego	Nico (Díaz)	Luisito
Dani	Nico (Díaz)	Dani Pérez (Oscar)	Manu Zurdo
		Lombardia (Pabito)	Juanillo (Juan)

Arbitro: Óscar Cabañas, Daniel Ramirez e Joel Lanzos
 Campo: A Mina - A Pontenova

“O título de Copa é un gran premio para o equipo tras unha boa tempada” **ROBERTO** SD Ribadeo

“Felicidades al Ribadeo y enhorabuena a nuestra plantilla por todo lo conseguido esta temporada” **CÉSAR SANJURJO** SDC Residencia

disputaran dous minutos co cero a un que asinou Gabri, pero aos cinco de xogo Nico devolveu as táboas ao marcador tras un frenético inicio de partido.

2

GOLES NOS PRIMEIROS

cinco minutos de partido. O cero a un de Gabri para a Residencia e o empate a un de Nico para o Ribadeo na Mina

A partir de aí, a loita librouse no centro do campo, lonxe das áreas, ata que Luisito frotou a lampa para da que saíu o xenio para volver adiantar á Residencia co un a dous co que se chegou ao descanso.

Xa na segunda parte o Ribadeo mantívose na pelexa e, na recta final, chegou o premio do gol. Un dous a dous que asinou Diego ao aproveitar un rexeite tras un balón longo,

levando a final ata a quenda de penaltis.

Nos once metros Juan e Iñaki acapararon o protagonismo. O porteiro da Residencia tocou varios balóns, pero a fortuna estivo de cara para Iñaki, que tras deter o último lanzamento deulle o título de Copa ao Ribadeo na Mina.



Xogadores do Ribadeo celebrando a parada de Iñaki



A SD Ribadeo tras recibir as medallas de campións

O Ribadeo alzouse co título da Copa Diputación infantil tras impoñerse á Residencia na gran final que se resolveu desde os once metros, nunha quenda de penaltis que coroou ao porteiro mariño Iñaki como o heroe do encontro, ao deter o lanzamento decisivo.

base como favorita na Mina, un terreo de xogo no que fai un mes selaron o ascenso á Liga Galega infantil, pero en fronte atopáronse un Ribadeo que, pese a remar contracorrente, desde o inicio, levantou o título na Pontenova.

A Residencia empezou mellor e tomou o mando no campo cando tan só se



Braís levanta o trofeo xunto a Dario Campos



A SD Ribadeo infantil ao completo posa para Lider



Os xogadores mariñoas manteando a Rubén

COPA DEPUTACIÓN INFANTIL

DEZASEISAVOS Milagrosa A 0 SD Becerreá 4	DEZASEISAVOS Sagrado C. 1 UD Xove Lago 6	DEZASEISAVOS CD Castro 1 SD Sarriana 3	DEZASEISAVOS RC Villalbés B 3 At. Abuín 2
OITAVOS SD Becerreá 0 RC Villalbés A 7	OITAVOS UD Xove Lago 0 SD Ribadeo 4	OITAVOS SD Sarriana 0 CD Lugo B 3	OITAVOS RC Villalbés B 1 P. Burela * 1
CUARTOS RC Villalbés A - SD Ribadeo -	SEMIFINAIS SD Ribadeo 2 Casás 1	CUARTOS CD Lugo B 5 P. Burela 0	SEMIFINAIS Lugo B 1 Residencia 2
CUARTOS CP Casás - Lourenzá -	FINAL SD Ribadeo* 2 Residencia 2	CUARTOS CD Foz 2 Residencia 6	CUARTOS CD Foz 2 Residencia 6
OITAVOS CP Casás 1 ADC Piringalla 0	OITAVOS Lourenzá 1 Milagrosa B 0	OITAVOS CD Foz 3 SD Viveiro 0	OITAVOS EF Polvorín B - Residencia A -
DEZASEISAVOS SD Antas 3 CP Casás 6	DEZASEISAVOS Ferroviaria B 2 ED Lourenzá 4	DEZASEISAVOS Ferroviaria A 0 CD Foz 11	DEZASEISAVOS ED Ribela 1 EF Polvorín B 2



SD Ribadeo

Campión Infantil Copa Deputación Tempada 2017 | 2018



SD Ribadeo

Campión Xuvenil Copa Deputación Tempada 2017 | 2018

COPA DEPUTACIÓN ALEVÍN															
DEZASEISAVOS Castro 3 EF Polvorín A 5				DEZASEISAVOS Viveiro CF A 10 Sarriana A 3				DEZASEISAVOS Mondoñedo 1 Corgo 2				DEZASEISAVOS Sagrado B 0 Burela B 1			
DEZASEISAVOS Palas 3 Antas 1				DEZASEISAVOS Abuín B 0 Becerreá A 4				DEZASEISAVOS Casás 2 Pontenova 7				DEZASEISAVOS Villalbés A 10 Stgo. Foz 5			
OITAVOS Palas 1 EF Polvorín A 3				OITAVOS Viveiro CF A* 2 Becerreá 2				OITAVOS Casás 1 Pontenova 0				OITAVOS Villalbés A 1 Stgo de Foz 2			
CUARTOS EF Polvorín A - Viveiro CF A -				SEMIFINAIS --- -				SEMIFINAIS Stgo. de Foz - --- -				CUARTOS Casás 0 Stgo. de Foz 6			
CUARTOS Burela A - Ferroviaria -				FINAL 17 06 2018				CUARTOS Auxiliadora - SD Viveiro A -							
OITAVOS Burela A* 2 Lugo B 2				OITAVOS Piringalla 5 Ferroviaria* 5				OITAVOS Ferroviaria C 0 Auxiliadora 1				OITAVOS Milagrosa C 3 SD Viveiro A 6			
DEZASEISAVOS P. Burela A 3 Abuín A 0				DEZASEISAVOS Piringalla 3 Becerreá B 1				DEZASEISAVOS Ferroviaria C 5 Sagrado A 0				DEZASEISAVOS SD Viveiro B 1 Polvorín B 1			
DEZASEISAVOS Residencia B 2 CD Lugo B 7				DEZASEISAVOS Franciscanos 2 Ferroviaria 6				DEZASEISAVOS Viveiro CF B 0 Auxiliadora 3				DEZASEISAVOS Milagrosa C 4 SD Viveiro A 6			

O Santiago de Foz despregou todo o seu potencial para romper o partido tras o descanso

O Lugo B agarda rival para as semifinais tras impoñerse con autoridade no Castro Seoane

CASÁS		0
STGO DE FOZ		
Aarón	Xabi	
Anne	Raúl	
Mateo	Anxo	⚽
Yelko	Sevilla	
Hugo	Joao	
Yerai	Luis	2⚽
Marcos	Gabri	
Adri	Lucas	3⚽
Xoel	Nerea	
	Dylan	⚽
	Erik	



Yerai, a piques de golpear o balón ante Gabi; detrás, Joao

ANTAS		2
LUGO B		
Justo	Álvaro	
Cristian	Mael	
Xoel	Marco	
Quintás	Suárez	
Jordi	Dani	
Hugo	Jean Paul	⚽
Marcos	Arón	⚽
Diego	Unai	⚽
David	Diego	3⚽
María	Raúl	
Álex	Iván	
	Jesús	
	Raúl	



Os xogadores do Lugo B celebran un gol esta tempada

COPA DEPUTACIÓN BENXAMÍN															
DEZASEISAVOS Mondoñedo 9 Ribadeo B 2				DEZASEISAVOS Stgo de Foz 5 Villalbés A 3				DEZASEISAVOS Antas 8 Corgo 0				DEZASEISAVOS Polvorín B 0			
DEZASEISAVOS Palas 2 Franciscanos 5				DEZASEISAVOS Abuín 1 Sagrado A* 3				DEZASEISAVOS Burela B 1 Piringalla 9				DEZASEISAVOS Lugo B 8			
OITAVOS Mondoñedo 2 Franciscanos 3				OITAVOS Santiago de Foz 2 Sagrado A 4				OITAVOS Antas* 3 Piringalla 3				OITAVOS Lugo B* 2 Ferroviaria 2			
CUARTOS Franciscanos - Sagrado A -				SEMIFINAIS --- -				SEMIFINAIS CD Lugo B - --- -				CUARTOS Antas 2 Lugo B 6			
CUARTOS EF Polvorín A - Residencia B -				FINAL 17 06 2018				CUARTOS Villalbés C - Lugo A -							
OITAVOS SD Viveiro A 0 EF Polvorín A 2				OITAVOS Residencia B 3 Ribadeo A 2				OITAVOS Becerreá 3 Villalbés C 4				OITAVOS Xove Lago 4 Lugo A 7			
DEZASEISAVOS SD Viveiro A 3 Monterroso 0				DEZASEISAVOS Residencia B 5 Sarriana 4				DEZASEISAVOS Becerreá 10 Sagrado B 3				DEZASEISAVOS Lourenzá 3 Sarriana B 0			
DEZASEISAVOS Ferroviaria B 1 Polvorín A 6				DEZASEISAVOS Lucense B 2 Ribadeo 5				DEZASEISAVOS Villalbés B 2 Villalbés C* 3				DEZASEISAVOS Xove Lago 6 Lugo A 13			

Fútbol 8 > Prebenxamín Previas Copa

PREBENXAMÍN PROVINCIAL

RESULTADOS	
CD Lugo - Porto Burela A	2-3
Villalbés A - Residencia	3-2
Milagrosa A - Stgo. de Foz	8-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
BURELA	28	10	9	1	0
CD LUGO A	22	10	8	0	2
MILAGROSA A	14	10	5	2	3
STGO DE FOZ	9	10	3	0	7
RC VILLALBES A	7	10	2	1	7
RESIDENCIA	4	10	1	1	8

Campión: Porto de Burela
Subcampión: CD Lugo A

SARRIANA 0

VIVEIRO A 6	
David	Dimas
Siro	Santi
Diego R.	Migui
Diego G.	Pablo
Javi R.	Leo 2
Mateo	Ángel
Diego B.	Hugo 2
Luca	Izan
Samuel	Adri
Dani	Mateo
Javi R.	Teo
Christian	Álex
	Lucas
	Juan

Árbitro: LAMUS PICON, CARLOS ANDRES

PREBENXAMÍN PREVIA 1

RESULTADOS	
Sagrado A - Piringalla A	hoxe
Sarriana - Viveiro A	0-6
Franciscanos - Lucense	2-5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
PIRINGALLA	28	11	9	1	1
CP LUCENSE	26	12	8	2	2
SD VIVEIRO A	22	12	7	1	4
RIBADEO A	21	12	7	0	5
SAGRADO A	14	11	4	2	5
FRANCISCANOS	9	12	3	0	9
SARRIANA	0	12	0	0	12

REMATÉ FASE GRUPOS

FRANCISCANOS 2

CP LUCENSE 5	
Lucas Ares	Iker López
Lucas Feal	Joaquín
Pablo	Iker Muíña
Enrique	Álvaro
Lucas L. 2	Mateo 3
Pepe	Fabio
Brayan	Pablo
Manuel	Nefta
Aram	Álex
Nicolás	Sergio
Martin	Mario
Mario	Enrique
Andrés	Diego
	Ignacio

Árbitro: GARCIA CONDÉ, ANTONIO MANUEL

PREBENXAMÍN PREVIA 2

RESULTADOS	
Sagrado B - Polvorín	4-10
At. Abuín - Monterroso	5-0
Auxiliadora - R. Villalbés B	6-0
Viveiro B - Corgo	1-3

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
EF POLVORIN	39	14	13	0	1
AUXILIADORA	31	14	10	1	3
ABUÍN	28	14	9	1	4
CORGO	22	14	7	1	6
MONTERROSO	21	14	7	0	7
SAGRADO B	17	14	5	2	7
VIVEIRO B	7	14	2	1	11
RC VILLALBES B	0	14	0	0	14

REMATÉ FASE GRUPOS



Andrés a piques de golpear o balón presionado por Martin, ante Pepe e Lucas Feal

PREBENXAMÍN PREVIA 3

RESULTADOS	
Burela B - Becerreá	apr.
Ferrovíaria - Ribadeo B	5-2
Monterroso B - Milagrosa B	1-5
Antas - Piringalla B	0-9

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
PIRINGALLA B	37	14	12	1	1
FERROVIARIA	36	14	12	0	2
SD RIBADEO B	31	14	8	1	3
BECCERREÁ	23	13	7	2	4
MILAGROSA B	16	14	5	1	8
PORTO DE BURELA B	11	13	3	2	8
ANTAS	4	14	1	1	12
MONTERROSO B	3	14	1	0	13

REMATÉ FASE GRUPOS

2

PARTIDOS PENDENTES

O Sagrado A - Piringalla, que se disputará esta tarde, e o Burela B - Becerreá, previsto para o sábado, completarán a derradeira xornada das lixuñas nos grupos de Previa antes da disputa da Copa de Segunda División o vindeiro domingo no Municipal de Becerreá

CLASIFICACIÓN MÁXIMO GOLEADOR

Prebenx. Previas Copa

Xogador	Equipo	G.
LEO	VIVEIRO A	40
RAYNOLD	RIBADEO B	40
MATEO	LUCENSE	39
ADRI Á.	PIRINGALLA B	37
ÁLEX	AUXILIADORA	36
DIEGO	MONTE A	35
SAMU	FERROVIARIA	34
BRAIS	BURELA B	33
ANTÓN D.	EF POLVORIN	31
RUBÉN	MILAGROSA B	31
MARTÍN	FRANC.	29
MAURO	SAGRADO A	29
DAVID L.	MILAGROSA B	25
DAVID D.	CORGO	24
DIEGO P.	SAGRADO B	24
IKER	PIRINGALLA A	24
NICOLÁS	POLVORIN	24
SAAVEDRA	AUXILIADORA	24
TONI	RIBADEO B	24
IAGO V.	ABUÍN	23
MATEO	MILAGROSA B	23
ADRI ABEL	PIRINGALLA B	22
JOSE	SAGRADO A	22
RIKI	POLVORIN	22
IVÁN DÍAZ	BECCERREÁ	21
LUCA	SARRIANA A	21
ANDRÉS	FRANC.	20
DANI	AUXILIADORA	20
DANI LÓPEZ	BECCERREÁ	20
MANUEL	BURELA B	20
JAIME	VIVEIRO B	19
JUAN	PIRINGALLA B	19
NEREA	PIRINGALLA B	19
NICO	RIBADEO A	19
JONATHAN	XOVE LAGO	18
LOMBARDÍA	ABUÍN	18
PEPE	FRANC.	18
ROQUE	VIVEIRO B	17
ADRI	SAGRADO B	16
PABLO	MILAGROSA B	16
YERAY	SAGRADO B	16
ALAN	SAGRADO A	15
JOAQUÍN	LUCENSE	15
TIAGO	SAGRADO B	15
ANÁS	FERROVIARIA	14
DAVID ARIAS	FERROVIARIA	14
DAVID V.	MONTE A	14
ERIC CASAS	VIVEIRO B	14
JAVI	PIRINGALLA A	14
MARIO	LUCENSE	14
MIGUEL	ANTAS	14
SAMU	AUXILIADORA	14
UXÍO	PIRINGALLA A	14
ÁLVAREZ	PIRINGALLA A	13
BRAIS	CORGO	13
GUERREIRO	PIRINGALLA A	13
NEFTA	LUCENSE	13

SAGRADO CORAZÓN B 4

EF POLVORÍN 10	
Marc	Diego Seoane
Samu	Brais
Aarón	Sergio
Jairo	Martín Gil
Luis	Guille
Tiago	Nico
Adri	Riki 2
Yeray	Iago
Diego Pérez	Samuel
Diego Herrán	Antón Díaz 2
Bruno	

Árbitro: GARCIA CONDÉ, ANTONIO MANUEL

ATLÉTICO ABUÍN 5

MONTERROSO A 0	
Erik	Leti
Hugo R.	Pedro
Unai	Adan
Alejandro	Aitor
Iago V. 3	Diego
Saúl	David V.
Lombardía	David E.
Rodri	Saúl
Iker Pena	Aarón
Xián	
Hugo Ferro	

Árbitro: RODRÍGUEZ CORDERO, ANGEL MANUEL

SD VIVEIRO B 1

CORGO 3	
Miguel Fdez.	Mario
Hugo Mtnez.	David
Raúl	Roi
Anxo Vale	Álvaro
Jaime	Nico
Adri	Hadrían
Roque	Xavi
Eric	Brais
Anxo Fdez.	Héctor
Dani Veloso	Hugo
Hugo Bogo	Mateo
Sara	Lois

Árbitro: VALE FERREIRA, JOSE

AUXILIADORA 6

RC VILLALBÉS B 0	
Álvaro	Izan
Prado	Héctor
Yago	Diego Paz
Dani	Samuel
Samu 2	Lucas
Saavedra	Diego Rguez.
Ferreiro 2	Adrián
Álex	Saúl
Antia	Álex
Claudia	Hugo
Manu	Teo
	Xosé

Árbitro: RODRÍGUEZ CORDERO, ANGEL MANUEL

14

XORNADAS

As lixuñas da Previa 2 e 3 foron as máis longas das disputadas esta temporada no fútbol oito. O número de equipos prebenxamins -29- medrou este ano coa creación de equipos para esta categorías en clubs como o Monterroso, o Sagrado Corazón e o CP Lucense



Sergio tratando de impedir o control de Yera



Luis vaise co balón por velocidade ante Martin Gil



Nico trata de levar o balón presionado por Adri

ANTAS 0

PIRINGALLA B 9	
Aitor	Dani
Maty	Álex
Xoel	Nerea
Medela	Juan 2
Miguel	Nico 2
Pablo	Mauro
Dana	Adri Abel 3
Iker	Adri Álvarez
Manuel	Dani García
Martin	Moha
Rubén	
Diego	
Antia	

Árbitro: FENITE PENIA, TANIA

MONTERROSO B 1

MILAGROSA B 8	
Ari	René
Hugo	Carreira
Davor	Manu Silva
Ceci	Regueiro
Jesús	Rubén 2
Lucas	Samuel
Uxio	Diego
Diego	Héctor
Adri	Mateo 2
Dani	David López
Carlos	Julio
	Álvaro
	Pablo 2

Árbitro: IBANEZ LÓPEZ, FRANCISCO

FERROVIARIA 5

SD RIBADEO B 2	
Iker	Raúl
Samuel	Thiago
André	Martin
Hugo	Javi
Anás	Josué
David Romay	Toni
Enzo	Raynold
Uxia	Mateo
David Arias	David
	Hugo
	Miguel

Árbitro: BAHIA SAGHAIR, SADOUM



David Arias celebra o seu gol na Friga



Samuel trata de despegar ante Martin



Racing Villalbés, Milagrosa, Santiago de Foz e Residencia posan cos seus trofeos tras a disputa da final da Copa este sábado no campo artificial da Magdalena

O Villalbés, campión de Copa nunha gran mañá de fútbol na Magdalena

OS RACINGUISTAS impuxéronse á Milagrosa, subampioa, na final polo título copeiro, que se disputou no formato dunha final a catro. O Santiago de Foz quedouse co terceiro posto ante a Residencia

RC VILLALBÉS A		RESIDENCIA	
6	1	1	1
SANTIAGO DE FOZ		MILAGROSA A	
1	4	4	4
Iker	Jose	Erik	Anxo
Bruno	Dani	Iker	Pablo A.
Juanmi	Eloy	Andrés	Pablo M.
Martín Boizán	Iván	Mario Diaz	Aarón
Martín Mouteira	Ángel	Mario Vieira	Nuno
Esteban	Olveira	Nacho	Gabi
Alberto	Nico	Jorge	Miguel
Anxo	Roi	Álex	Brais
Hugo	Eneko	Hugo Rguez.	Pablo L.
Álex	Germán	Iago	Raúl
	Egoitz	Lucas	Aarón
	Yago	Lucas	Álex Fraga
	Iago Rodríguez		Álex Fraga

Arbitro: FERNANDEZ TEJUDO, ADRIAN

FASE FINAL COPA PREBENXAMÍN PROMOCIÓN			
SEMIFINAL		SEMIFINAL	
RC VILLALBÉS A	6	1	SD RESIDENCIA
STGO. DE FOZ A	1	4	MILAGROSA A
3º POSTO			
STGO. DE FOZ A	3-2	RESIDENCIA	
FINAL			
RC VILLALBÉS A	6-3	MILAGROSA A	

STGO DE FOZ		RC VILLALBÉS A	
3	2	6	3
RESIDENCIA		MILAGROSA	
2	2	3	3
Jose	Erik	Iker	Anxo
Dani	Iker	Julián	Pablo A.
Eloy	Andrés	Juanmi	Pablo M.
Iván	Mario Diaz	Martín Boizán	Aarón
Ángel	Mario Vieira	Anxo	Nuno
Olveira	Nacho	Esteban	Gabi
Nico	Jorge	Alberto	Miguel
Roi	Álex	Alvanto	Brais
Eneko	Hugo Rguez.	Enzo	Pablo L.
Germán	Iago	Álex	Raúl
Egoitz	Lucas	Hugo	Aarón
Yago		Vicente	Lucas
Iago Rodríguez			Álex Fraga

Arbitro: FERNANDEZ TEJUDO, ADRIAN

O Racing Villalbés proclamouse campión de Copa na final a catro disputada este sábado na Magdalena, coa participación de Residencia, Milagrosa e Santiago de Foz.

Os catro equipos de Provincial que non xogaron o Campionato Galego disputaron o título copeiro en semifinais e final, nunha xornada de bo fútbol en Vilalba.

As primeiras eliminatorias enfrontaron a Racing Villalbés e Santiago de Foz, por un lado, e a Residencia e Milagrosa, polo outro.

12

GOLES DO RC VILLALBÉS
Os de Congui chegaron coa puntería afinada a esta última cita da temporada

A Milagrosa levouse o duelo entre equipos capitalinos, un partido máis competido do que indica o marcador final. Uns malos minutos antes do descanso condenaron aos branquiazuis a enfrontar a segunda metade cun pesado 3-1 en contra.

Emoción na final
Tamén foi disputado o partido polo título entre Racing Villalbés e Milagrosa. Os locais puxeron o partido de cara cun hat

“Creo que o equipo merecía este premio polo traballo de toda a temporada. Noraboa aos catro equipos por unha bonita xornada de Copa”
CONGUI Racing Villalbés

trick de Alberto e tiveron ocasións para marcar algún máis, pero os de Luisón lograron igualar o partido 3-3 ao longo da segunda metade.

Co empate no marcador, puideron mesmo poñerse por diante, xa que estrelaron catro tiros contra os paus antes de que, nos minutos finais, o Villalbés rompese definitivamente

“Fixemos dúas boas primeiras partes. Condenáronnos os erros defensivos”
CESAR LÓPEZ Residencia

o encontro con outro hat trick, de Esteban, aproveitando as espaldas descubertas da Milagrosa.

Ao tempo, disputouse o encontro polo terceiro posto no que o Santiago de Foz se impuxo á Residencia.

Copa Consolación
Os equipos de Segunda Autonómica prebenxamin, que esta xornada remataron as liguiñas dos grupos de Previa, disputarán a vindeira fin de semana en Becerría a Copa Consolación.

“Noraboa ao equipo polo traballo realizado durante toda a presente a temporada”
ASIER Santiago de Foz

o encontro con outro hat trick, de Esteban, aproveitando as espaldas descubertas da Milagrosa.

Ao tempo, disputouse o encontro polo terceiro posto no que o Santiago de Foz se impuxo á Residencia.

Copa Consolación
Os equipos de Segunda Autonómica prebenxamin, que esta xornada remataron as liguiñas dos grupos de Previa, disputarán a vindeira fin de semana en Becerría a Copa Consolación.

“Temporada espectacular. Son un privilexiado por ter este grupo de rapaces”
LUISON Milagrosa

o encontro con outro hat trick, de Esteban, aproveitando as espaldas descubertas da Milagrosa.

Ao tempo, disputouse o encontro polo terceiro posto no que o Santiago de Foz se impuxo á Residencia.

Copa Consolación
Os equipos de Segunda Autonómica prebenxamin, que esta xornada remataron as liguiñas dos grupos de Previa, disputarán a vindeira fin de semana en Becerría a Copa Consolación.



O Racing Villalbés celebrando o título de campións



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

SD ANTAS

O CONXUNTO FEMININO DA ULLOA xogará a próxima tempada na Primeira División Galega tras asinar o ascenso nunha tempada de dez



O Antas xogará a vindeira temporada na Primeira División da Liga Galega de Fútbol Feminino. O equipo dá o salto de categoría tras un curso brillante que pechou onte no Castro Seoane cun novo triunfo ante o Carreira CF. As da Ulloa tampouco fallaron nunha derradeira xornada na que cumpría a celebración na casa do Ascenso, que tiñan asegurado xa desde a semana anterior. As xogadoras celestes recibiron ademais ao final do encontro o trofeo que as acredita como campioas de Liga do Grupo 2 da Segunda División Femenina. Foi unha temporada redonda para o conxunto dirixido por Melendo, que pecha a competición con 25 vitorias en 26 partidos. "O obxectivo que nos marcamos ao principio da temporada foi facer un equipo, que todos asumiran as responsabilidades que lles correspondían, non só nós, senon tamén nos adestramentos. Ese obxectivo cumpriuse e o resto veu da man", comenta o técnico, que debutou este ano nun banco sénior despois de adestrar equipos de base en Antas e no Polvorín.

Sandra, Ángeles, Melanie, Maite, Paula, Merche, Eva, Lucía, Noelia, Rebeca, Nuria, Jenny, Marta, Vero, Andrea Vázquez, Lorena, Isabel, Sheila, Yaiza; e Iria, Andrea, Paula e Janire –aínda en idade cadete– forman o plantel que deu este salto para o club catro anos despois de que se creara o equipo feminino. Trátase de rapazas da Ulloa –moitas delas formadas no Donapel Monterroso de fútbol sala– e tamén das comarcas de Monforte e Melide, que entusiasmaron aos afeccionados desde o inicio de temporada, encadeando vitoria tras vitoria.

Catro anos de fútbol feminino en Antas

O club apostou polo fútbol feminino un ano despois de poñer en marcha a súa estrutura de base con equipos de fútbol 8. Daquel primeiro conxunto alevín formaban parte, entre outros, as catro xogadoras de idade cadete xa mencionadas, sinalando o camiño para as xeneracións

posteriores, non só do Antas, senon tamén doutros clubs da comarca coma o Monterroso ou o Palas, que tamén contan con xogadoras nos seus equipos de base –a normativa impide os equipos mixtos a partir da categoría cadete–.

No entanto, o fútbol feminino segue a ser unha asignatura pendente para o deporte lucense, que só conta con catro equipos. Ademais do Antas, Friol, Milagrosa e Ribadeo FC –que este ano sumou forzas coa recién creada sección feminina da Pontenova–.

"Creo que cun pouco máis de interese por parte dos clubs habería xogadoras para formar máis equipos" comenta o técnico do Antas, que tamén apunta un dos hándicaps cos

que se atopan as entidades á hora de crear equipos femininos sénior. A Segunda División Femenina –de entrada á competición– xa supón desprazamentos longos, por toda a xeografía galega, cos custos de desprazamento que iso conleva.

A Copa, o próximo reto

Concluída a liga, o equipo ten a vista posta na Copa Deputación que arrancará esta fin de semana coa disputa das semifinais. As da Ulloa terán que medirse ao Ribadeo–Pontenova, o outro equipo lucense da Segunda División Femenina, por unha praza na final á que optan, polo outro lado do cadro, Milagrosa – de Primeira División – e Friol –Segunda División Nacional.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

